



Os **custos humanos e económicos** destes innumerables conflitos recaeron sobre os reinos hispánicos, especialmente sobre Castela. Malia a crecente presión fiscal sobre os casteláns e as xenerosas remesas de prata americana, os ingresos foron insuficientes e o emperador houbo de contratar **empréstitos** cada vez máis onerosos con banqueiros alemáns (Welser, Fugger) e xenoveses (Grimaldi, Spinola). A **débeda** non parou de medrar. A incapacidade de facer fronte ao seu servizo conduciría á declaración de **bancarrota** da Facenda real, acontecida xa en 1557.

Enfermo, esgotado e consciente da dificultade de manter unidos tódolos territorios herdados, Carlos abdicou e dividiu as súas posesións en 1555-1556 entre o seu irmán Fernando, que recibiu os ducados austríacos e o título imperial, e o seu fillo Filipe.

Os cambios en tempos de Felipe II.

Entre 1555-1556, Filipe II recibiu de Carlos V as coroas de Borgoña, Castela e Aragón, cos seus territorios respectivos (Flandres, América e as Canarias, as posesións italianas) máis o Milanesado. A diferenza de seu pai, que pasara case todo o reinado ausente dos dominios peninsulares, Filipe gobernou dende Castela e fixou en **Madrid** a capital política da súa monarquía (1566). A **preponderancia de Castela**, da que proviñan a meirande parte dos recursos financeiros e humanos da monarquía, fíxose cada vez máis evidente na Corte, entre os mandos militares e os altos cargos da administración real, e o castelán converteuse na práctica na lingua oficial da monarquía.

Carlos I e Felipe II nun retrato de Antonio Arias Fernández (mediados s. XVII)



[Dominio público], vía Wikimedia Commons

A **defensa do catolicismo** converteuse en obxectivo fundamental da política filipina e tódolos recursos da monarquía e dos seus dominios subordináronse a el. Autoproclamado defensor da ortodoxia contrarreformista católica definida no Concilio de Trento (1545-1563), Filipe II ía reaccionar tanto contra os seus inimigos externos (protestantes e infieis) como contra os internos, reforzando a Inquisición como instrumento contra calquera disidencia dentro dos seus dominios.

A **guerra** converteuse nunha realidade cotiá. O **enfrentamento con Francia** proseguíu ata as vitorias de San Quintín (1557) e Gravelinas (1558), que forzaron a Henrique II de Francia a asinar a Paz de Cateau-Cambresis (1559) e consagraron a hexemonía continental da Monarquía Hispánica. O inicio das *guerras de relixión* no reino galo, nas que Filipe II interviu apoiando ao bando católico contra os hugonotes, consolidou esa posición. No Mediterráneo, a vitoria da *Liga Santa* (Venecia, o papado e a monarquía hispánica) en **Lepanto** (1571) freou temporalmente aos otománs.

Con todo, o conflito máis importante e persistente ao que tivo que facer fronte a monarquía filipina foi o derivado da **rebelión dos Países Baixos**. Flandres era unha amalgama de provincias e señoríos sen máis ligazóns políticas entre eles que a submisión ao mesmo monarca. Diversas razóns foron alimentando o malestar flamengo: a oposición ao dominio castelán e as tendencias autoritarias do monarca; a crecente presión fiscal sobre a poboación; a difusión do calvinismo, nomeadamente nas prósperas provincias setentrionais. A pretensión de Filipe II de implantar a Inquisición e a promulgación dos decretos de Trento (1565) provocaron as queixas da nobreza e


disturbios en numerosas cidades. A posición intransixente do monarca e a ocupación militar do territorio polas tropas do duque de Alba non fixeron máis que desencadear unha revolta xeral no norte. Dende 1579, o territorio flamengo quedou dividido: o sur, católico e submisos a Filipe II, agrupouse na Unión de Arrás; o norte, maioritariamente calvinista, articulouse na Unión de Utrecht baixo o liderado de Guillerme de Orange. O conflito relixioso derivou nunha guerra aberta pola independencia contra o poder español. Esta tivo, ademais, importantes implicacións internacionais xa que os rebeldes contaron co apoio da Inglaterra de Isabel I e dos hugonotes franceses. A *Guerra de Flandres* ou *Guerra dos Oitenta Anos* non remataría definitivamente ata o recoñecemento da independencia das Provincias Unidas por parte da monarquía hispana na Paz de Westfalia (1648).

En 1578, a morte sen descendentes do rei portugués don Sebastião na batalla de Alcazarquivir (Marrocos) deixou vacante o trono luso. Filipe II fixo valer os seus dereitos na liña sucesoria como fillo da emperatriz Isabel de Portugal. Apoiándose en sectores da nobreza, da burguesía e do clero portugueses e, sobre todo, no exército do duque de Alba, conseguiu finalmente que as Cortes portuguesas reunidas en Thomar (1581) o recoñecesen como rei, xurando manter as leis e institucións propias do reino. O vello

proxecto da **unidade peninsular** acariñado polos Reis Católicos facíase realidade. Tódolos reinos ibéricos tiñan o mesmo monarca. A suma das posesións ultramariñas portuguesas e casteláns creaba un aparentemente formidable imperio non que “*non se poñía o sol*”.

Dende a Baixa Idade Media, Inglaterra e Castela mantiveran unhas amigables relacións confirmadas polos Reis Católicos e Carlos I. O mesmo Filipe estivera casado con María I, raíña católica de Inglaterra, entre 1554 e 1558. Á morte desta accedeu ao trono a protestante Isabel I. As relacións entre ámbalas dúas monarquías foron degradándose por diversos motivos dende 1568: relixiosos, xa que a Isabel impuxo definitivamente o protestantismo (anglicanismo) e perseguiu aos católicos ingleses; económicos, pois os corsarios ingleses comezaron a obstaculizar o comercio entre a Península e as Indias; e políticos, relacionados co apoio isabelino aos rebeldes dos Países Baixos. Finalmente, a execución da católica raíña escocesa María Estuardo, pretendente ao trono inglés, decidiron a Filipe II a organizar a invasión e conquista de Inglaterra. En 1588 formouse en Lisboa unha armada que, tras fondear na Coruña, partiu con 130 navíos e 25.000 homes cara Flandres, onde pretendía embarcar o exército de Alexandre Farnesio para atacar Inglaterra. Nas augas do Canal da Mancha, os temporais e a acción dos corsarios ingleses esfarelaron a denominada **Armada Invencible**. Só deron retornado á Península uns 60 barcos e 10.000 homes. A desfeita permitiu nos anos seguintes os ataques ingleses ás posesións filipinas (A Coruña, Lisboa, Azores, as Indias...). Malia todo, semella que a perda non foi irreparable. O poderío naval combinado hispano-portugués seguiu a ser formidable. Pero a posición hexemónica da monarquía hispánica en Europa foi cada vez máis difícil de soste.

O **custo da política exterior** despregada polos Austrias maiores fíxose insoportable para unha economía produtiva que daba mostras de crecente debilidade a finais do século XVI. Os enormes gastos derivados das guerras ultrapasaron a capacidade da facenda castelá, a pesar do enorme torrente de ouro e prata que arribaba dende as Indias. As débedas amoreábanse, os seus xuros



chegaron a representar case a metade dos ingresos do Tesouro. Unha sucesión de malas colleitas e a peste asolaron Castela nos últimos últimos anos do quinientos. Crise, atraso e decadencia foron a pesada herdanza coa que comezaba o século XVII.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- BERNAL, A.-M.: *Monarquía e imperio*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 3, Barcelona, Crítica-Marcial Pons, 2007.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.